

"Na pista non quero que me vexan como unha moza; non quero distincións; quero que me vexan como unha competidora e chegar ao máximo nas mesmas condicións. Pido igualdade e respecto. Non son un becho raro. Son pilota".

Laia Sanz i Pla-Giribert





Mulleres no deporte

Laia Sanz i Pla-Giribert, Maria Herrera Muñoz, Carmen Jordá.

MOTOY

Luns Martes Mércores Xoves Venres Sábado Domingo

1 1931 Clara Campoamor defende nas Cortes o dereito ao voto feminino.	2 381-385 Exeria de Gallaecia escribe o seu diario de viaxe a Exipto e Palestina.	3 1916 nace en Ferrol M ^a de los Angeles Alvaríño, pioneira na oceanografía en España.	4 1946 Nace Susan Sarandon, actriz comprometida coa paz e os DD.HH.	5 1789 Na Revolución Francesa, miles de mulleres marchan a Versalles.	6 1565 Nace Marie Le Jars de Gournay, literata, filósofa e alquimista.	7 A Maria Mariño por "Palabra no Tempo" e "Verba que comeza".
8 2004 Wangari Maathai, ministra keniana, recibe o Nobel da Paz.	9 1653 Pasamento de Lucrecia Marinelli, poeta, filósofa e humanista italiana.	10 1931 As mulleres españolas logran o dereito ao voto.	11  DÍA INTERNACIONAL DA NENA 2008 Uxía Pedreira, cantautora galega, crea e dirixe o Centro de Música Popular de Galicia.	12 1942 Falece no exilio Amparo López Jean, integrante da Executiva do Partido Galeguista en 1936.	13 Comemórase anualmente o Ada Lovelace Day, celebración internacional dos logros das mulleres na ciencia, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas. s.XVIII M ^a Teresa Caamaño e M ^a Fca Isla, ilustradas galegas. A súa obra foi queimada.	14 1906 Nace Hannah Arendt, filósofa alemá e grande intelectual do século XX.
 15 Día Mundial da Muller Rural 1888 Nace Teresa Iglesias Recio. Doutora especialista en doenzas da muller.	16 DÍA das ESCRITORAS 1992 Rigoberta Menchú, lider indixenista guatemalteca. Nobel da Paz.	17 1978 Inaugúrase a Librería de Mulleres de Madrid.	18 1890 Nace Ernestina Otero Sestelo, representante galega da Institución Libre de Enseñanza.	19 1997 Pasamento da directora de cinema Pilar Miró.	20 1793 Durante a Revolución Francesa, o goberno dissolve os Clubes Femininos.	21 "O persoal é político", Kate Millet.
22 1961 Nace Belén Feliu na Coruña. Escritora e colaboradora da revista A Festa da Palabra Silenciada.	23 1900 Nace Delia Weber. Poeta e pintora, participou en Acción Feminista Dominicana.	24 1983 Créase no Estado Español o Instituto da Muller.	25 1938 Morre a poeta/poetisa Alfonsina Storni. <i>Te vas Alfonsina con tu soledad. ¿Qué poemas nuevos fuiste a buscar?</i>	26 1904 Nace en Carril María Arauxo, guerrilleira fuxida en Galiza e miliciana en Cuba.	27 1968 Falece Lise Meitner. Investigou sobre radiactividade e física nuclear.	28 s. X Ilduara e Elvira Nunes, educadoras de santos, reis e señores na Galiza altomedieval.
29 1958 Morre Zoe Akins, autora dramática e guionista. Premio Pulitzer de Teatro.	30 1989 Morre en Lugo Enriqueta Otero, guerrilleira republicana, defensora dos dereitos civís.	31 1711 Nace Laura Bassi. Traduciu e estudou a física de Newton, implantándoa en Italia.				

Tempo de mulleres, mulleres no tempo

Outubro 2018

